

## Unha breve autobiografía



Nacín en 1964, en Xínzo de Limia, da quinta de Miguel Induráin. Cursei estudos de Dereito en Santiago, que abandonei no quinto ano, toquei a guitarra nun grupo de rock, vendín ordenadores, fun funcionario do Estado, da Xunta e, por fin, xa cuns cantos anos para me meter nestas festas, rematei dedicándome á escrita na que teño sido galardoado nuns cantos certames dos que salientaría o Álvaro Cunqueiro, o García Barros, Café Dublín, Torrente Ballester (finalista), Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro, Manuel Murguía, Camilo José Cela, Breogán de Contos, Castela de Narrativa, Casa Galicia en León, Meigas e Trasgos, Vila das Neves ou o Ourense de Contos, entre outros.

<http://www.bvg.udc.es>

Que podes ampliar en:

<http://www.aelg.org/Centrodoci/GetAuthorById.do?id=autor9>

## A crítica dixo...

Riveiro recreáanos o mundo dos sesenta-oitenta, da irrupción da televisión e dos seus heroes, da música dos Beatles, dos concertos de rock, da droga e tampouco non faltan as referencias á emigración europea ou ao desprazamento das xentes das aldeas cara ás vilas ou ás cidades, na procura de mellores condicións de vida. Pero todo iso visto a través da dobre sensibilidade do rapaz que vai vivindo persoalmente esas experiencias e do adulto, que agora as lembra e as relata. Este xogo de dobre perspectiva manéxao moi ben Riveiro.

Riveiro tamén conta cun lector cómplice que sabe que entenderá e ata recreará os indicios, que non información elaborada, que ofrece ao longo do relato. /.../ Neste tipo de novela vale máis o que se insinúa que o que se di claramente.

Goréntanos a tenrura con que Riveiro trata os seus personaxes, especialmente os que sofren algún tipo de marxinação. Marabilloso é o capítulo dedicado ao pintor que toleou. Esta tenrura fainos lembrar o maxisterio de Castela. Só é cruel cos que carecen de sentimento /.../

Hoxe en que tanto abundan os escritores que escriben un galego light, pobre /.../ Riveiro busca unha lingua poética para as descrições, de imaxes e metáforas novas, e ademais emprega un galego identificado, rico, posto que usa termos que están a desaparecer do galego coloquial e ata do escrito /.../

Cómpre sinalar así mesmo a fraseoloxía rica de Riveiro e que non é mera tradución das expresións castelás. Poucos escritores de hoxe empregan tan ben e oportunamente como Coello expresións como botar a lingua a pacer, darlle trela, andarlle o sentidiño polas silveiras, traer ao rego /.../

Dálle viveza á lingua que nos diálogos empregue trazos dialectais da zona da Limia como os pronomes il, tu, iste ou o adverbio eiquí. /.../

Rodríguez Alonso, Manuel: *Tal como eramos* [en liña] <http://vello.vieiros.com/murguia/nova.php?Ed=38&id=48419&cm=1> [consulta 19 de xaneiro de 2008]

Pedimoslle a Chus, limiá de nación, que nos falase daquela súa terra e contestou que xa nolo dixerá, que só tiñamos que cruzar a ponte das poldras, cruzámola e collémola e, como non nos collía toda aquí, só trouxemos dous pasos, dous pasais, dúas poldras.

*Historia do meniño que non pode soltar a man do avó e o meniño ten tres anos e o avó é xa cadáver e o meniño traballa na autovía e as obras detéñense alí porque atopan restos dos romanos e o meniño atraca farmacia e inxéctase morfina e podrecen os colchóns e padeza da garganta das anxinas*

*Historia de dúas valentes irmás que son internas nun colexio e no campo atopan un hipocausto e non se avergoñan nunca se avergoñan nunca*

*Historia da patinadora con zocas ferradas e os cravos esvaran no xeo e un día o xeo racha e a nena cae na poza e a pique estivo de ser afogada.*

*Historia do rapaz que aos dez anos conduce ata Zamora e como non lle chega ao pedal ata un toco no calzado*

*Historia do cameón, un Dodge Brothers con redutora e o rapaz traballa nos saltos de enerxía eléctrica e faise panadeiro e faise contábel*

*Historia da nena que estudou para mestra cruzou o Atlántico e se dedicou ás inmobiliarias.*

*Historia da meniño que traballou na fábrica e acertou nun sorteo do Deutsche Bank e nas bolsiñas das moedas gardou semente*

*os cervos  
-os que ela viu en Alemaña*



Pato, Chus: *A ponte das poldras*. Vigo: Galaxia, 2006. (Dobate: 45)

*Na pedra -que é o que sostén a pedra? na lagoa a lagoa enfíase na pedra enfíase, enfíase*


*Na lagoa -que é o que se sostén? a trenza enfíase a trenza, a trenza de beón enfíase, enfíase*

*Cabelo da Anta nunca serás poeira*

*E o teu ollo cara a onde se dirixe? o teu ollo sostense na pedra o teu ollo enfíase nas augas. Sostén a trenza e así enfíase, enfíase.*

*Rizo do idioma nunca serás poeira.*

*Pedra baleira, gris. Real.*



Podes buscar a Chus en [www.bvg.udc.es](http://www.bvg.udc.es) [www.aelg.org](http://www.aelg.org)

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Mangue]

# A mazela tarabela

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

Nº 6

Xaneiro-08

## Os clubs de lectura

Negro sobre branco é a soidade do escritor. Negro sobre branco é a soidade do lector. A lectura é a ponte entre dúas soidades. Ler e escribir son exercicios solitarios, pero... ..

¿Cantas veces despois de lermos non sentimos a necesidade de compartir o que lemos?

¿Cantas veces non buscamos a complicidade doutras persoas lectoras?

Daquela, queremos comunicar e lanzamos o noso exercicio solitario á procura de alguén ao que lle

enviamos as nosas experiencias lectoras coma quen guinda mensaxes nunha botella. E así como as mandamos, tamén as recollamos.

Alguén definiu estes clubs como os microcréditos da lectura. Son pequenos grupos de persoas que, á marxe dos grandes lanzamentos e estratexias comerciais, se propoñen ler un libro.

Ler e, a partir de aí, intercambiar opinións, reflexións ou interpretacións... sobre o que se le. Nada máis. Nin nada menos.

## Trama IRMAU

Co nome de Trama Irmáu, propoñemos configurar un pequeno tecido (trama) de Clubs de Lectura no noso instituto. IRMAU son as súas siglas e tamén son

todas as suxestións que nos poidan facer. Son diferentes clubs que nacen coa vocación de enredarnos para crear un gran tapiz lector.

## LeA casa

LeA casa. Le a casa. Ler na casa. Lea (ou barullo) na casa. LeA casa é o nome do club aberto que propoñemos para que o noso alumnado comparta a súa

actividade lectora coas persoas coas que convive. Dúas, tres xeracións. Canto nos pode suxerir un libro? Canto podemos achegar uns e outros á lectura dun libro. Quen se atreve?

## Esta guía

Esta guía responde ao primeiro proxecto LeA Casa. Non pretende ser unha guía exhaustiva, nin meterse en análises técnicas ou estilísticas.

Con ela só queremos facer unha serie de suxestión (prescindíbeis) para que o texto se converta nun pretexto para a comunicación. Comunicarse cun libro na man ou cos seus ecos na memoria...

Guía de lectura [nº 1]  
Casas Baratas de Antón Riveiro Coello

Antón Riveiro Coello

CASAS BARATAS



## Casas baratas: suxestións de lectura

### Neve

Chegada ás Casas Baratas (nos arrabaldes), a pequena patria da infancia do narrador-protagonista. A súa visión nostálgica e harmónica dese mundo vese rachada pola expansión urbanística posterior. O achegamento ao mundo urbano ou vilago na procura do progreso, ponse de manifesto no nerviosismo da nai ao entrar na casa e observar a estufa (o lume moderno), o retrete... Por outro lado, a celebración nocturna dos pais provoca no narrador-protagonista certo desacougo por non saber de que vai o asunto.



**Propostas:** Ten connotacións pexorativas a denominación de Casas Baratas? E actualmente o de vivendas sociais? Que opinión temos das actuais urbanizacións?

A radio, a estufa de butano, a televisión... eran signos de progreso e posición social... Cando chegaron ás nosas casas? Quen lembra a primeira televisión na casa, como se viviu ese evento? Que obxectos marcan hoxe ese progreso e posición social?



### O cárcere

O cárcere é lembrado a través da profesión do pai, garda municipal de presos. Tamén nos lembra a presenza na urbanización do xugo e as frechas. Recordo, tamén, dos vellos alcumes. Por outra parte, a educación en valores ratifica unha sociedade machista: o viño como reafirmación do varón, xa desde cativos

**Proposta:** Que opinión temos sobre a permanencia dos símbolos franquistas? Os alcumes, como sinal de identidade locataria, son apropiados? É o alcoholismo unha droga?

### As cinsas do señor Medardo

O caso do primeiro incinerado da Limia, paradoxos da vida, é precisamente o enterrador. Un personaxe curioso e amante das palabras, un personaxe que enterra a xente e mantén viva a lingua.

**Propostas:** Como valoramos os prexuízos relixiosos relacionados cos valores tradicionais do culto á morte? Hoxe, é conflitiva a incineración? Ten algo que ver coa "atmosfera" relixiosa?

Pérdense palabras e expresións na transmisión de "avós-pais-fillos"? Pérdense coñecementos útiles?

O casino aparece como un referente de clase, ao que non todos poden acceder. Que visión temos hoxe dunha institución como o casino? Que tipo de persoas ían antes ao Casino? Teñen a mesma importancia hoxe?



### A bicicleta do contrabandista

Benito Roxo, o xastre, tiña libros no piso e era de esquerdas, era un culto sospeitoso. Xastre é un home, modista ou costureira é unha muller. Mauricio, o portugués, pasaba a fronteira en bicicleta; Benito tiña unha desas bicicletas de contrabando.

**Propostas:** Que connotacións podía ter o termo "roxo"? Funcionan aínda as ideas e a ideoloxía de cada quen como elementos de discriminación ou aceptación social?

Contrabando, "estraperlo" son termos que nos remiten á economía somerxida. Aceptámola socialmente como normal?

### Á primeira

A rodaxe dunha escena da serie *Los camióneros* ten a vila sobresaltada, isto ademais ten moi nervioso ao rapaz narrador por mor da participación de seu pai en tal evento; no fondo tiña un pai case filantrópico (eran aqueles gardas de antes que facían de todo, como o del que chegou a traballar como fontaneiro), que se fixo garda contra a vontade do pai.



**Proposta:** Como eran as series e os ídolos televisivos de antes en comparación cos de agora?

Reflexionemos sobre o futuro dos fillos, sobre o conflito familiar que supuña que o fillo tiña que herdar a profesión do pai.



### Circo mundial

O dezo do rapaz protagonista por ter unha TV contrastaba coa vida de lecer na rúa. Os rapaces aproveitaban os diferentes eventos que acontecían na vila para crear os seus xogos, como o caso do circo, a semana santa, o Entroido...; mesmo o cine.

**Proposta:** Que "espectáculos" viñan a Lalín? Que significaban na vida social?

### O pintor de Pombas.

Un estraño chega á vila. As cores rodéano. A súa presenza desata as especulacións e esperta soños de riquezas: será dunha empresa de Madrid que vén explotar o lignito? Hai unha certa rebeldía infantil ante a posibilidade de que veñan de fóra a enriquecerse. O estraño acaba rebelándose como un pintor: os veciños aceptan a súa actividade, o poder non.

**Proposta:** Como ve a sociedade aos artistas? E á arte? É a arte unha tolemia ou unha liberación? É algo alleo ou algo que todos podemos apreciar?

### O lobo branco.

Gonzalo despídese, a súa familia marcha tras a morte do seu irmán Luís. Debemos coñecer a autoritaria educación que reciben do pai para comprendermos a traxedia final.

**Cuestión:** A violencia física e psicolóxica contra a infancia. A intimidación e o medo como falsa disciplina.

### Franco é morto.

O señor Matias, alcohólico e sometido polo muller, aparece morto. É madrugada e o cadáver convoca aos veciños que acoden antes de se vestiren. Contra a opinión unánime, o narrador ten a certeza de que foi un asasinato. A chave está nun misterioso caldeiro (cheo de ouro e pornografía?) co que viu aos señor Matias pola noite. Ao final, o tesouro alemán non é máis que un sorprendente testamento que nos conduce ao título.

**Cuestión:** O alcohol (ou outras drogas) como vía de escape ante a opresión.

### Suspense en matemáticas.

O suspense en matemáticas acaba cunha especie de aposta entre pai e fillo. Antón, nunha pequena homenaxe á literatura picaresca, gaña a aposta e achega uns inesperados ingresos á familia. Vistos os casos, que interese ten aprobar matemáticas?

**Cuestións:** A inesperada fortuna exprésase con certas compras... que significado podían ter na época? Por outra parte, as afeccións musicais (Machín e os Beatles) serven para caracterizar as dúas xeracións... poderíamos facelo hoxe tamén? Cal é a música dos pais e dos fillos?

### A ollada de Miguel

Miguel sedúceas a todas..., a todas as que lle gustan. Antón, o seu primo, non comparte o ideal de beleza feminino. Acompañao ás máis perdidas festas, aínda que aos 15 anos xa vai de mala gana (Onde estea unha moderna discoteca!). Con todo, págalle a pena: albiscase voda e Antón, por fin, entende ao primo e é que en calquera sitio poder estar unha valiosa razón.

**Cuestións:** Modelos de beleza. Hai uns modelos impostos? Son sempre os mesmos ou varían? Os espazos da relación entre mozos e mozas. Alguén lembra o cambio das festas das parroquias á discoteca? E hoxe, son outros?

### As bolboretas de Cupido

Atopámonos ante a historia sentimental do narrador, desde os primeiros amores infantís ata a iniciación no sexo. Nenas e mozas, veciñas ou de fóra, fillas da cidade ou da emigración... Cada tempo ten un referente feminino e unha palleira pode ser o Templo do Amor.



Cinco portas a la vida.

**Cuestións:** A iniciación sexual. Cales son as fontes de información sobre o sexo? De cales dispón o protagonista do relato? Era o común hai 20-30 anos? E agora?

### Verbenas

Velaquí o retrato dun personaxe popular: Marcial de Parada regresa da emigración cunha boa paga. Ten todo o necesario para vivir, mesmo dúas afeccións obsesivas: as verbenas e os prostibulos.

**Cuestións:** A soidade. Como cubrir a soidade cando nin o traballo nin a formación ocupan unha boa parte do tempo? Pode iso levarnos ás obsesións?



### Mister López & Friend

Deep Purple actúan no Vicente Calderón. Poderá o noso protagonista de 15 anos burlar a disciplina da familia e do internado para ir ver os seus deuses? Que estará disposto a facer para cumprir o seu soño de achegarse a Ritchie Blackmore? Un tal López, mito dos repetidores do seu colexio, pode ser o pasaporte para entrar no Olimpo...



**Cuestións:** A "idolatría" adolescente. Hai ídolos inaccesibles? Admírase en exceso a determinados compañeiros? Trazan uns e outros modelos de conduta non sempre saudables?



### O pavo voador

Neva na vila. Son as festas de Nadal e Reis. Acoñen os avós da aldea. O neto xa se ven quen de tomar desquite das falcatruadas do seu avó tan trangalleiro el. Un pavo "voador" ofrécelles a oportunidade. O neto está orgulloso de ser "cuspidor a el" e este é o momento de comprobar se está á súa altura.

**Cuestións:** A relación avós-netos. Cambiou o papel dos avós na nosa sociedade? Teñen a mesma consideración que hai unhas décadas?

